



Mención honorífica en Educación Primaria

(Segundo Orde do 9 de xuño de 2016)

A distinción decidírase na avaliación final de 6º EP, segundo as normas seguintes:

1. Optarán a esta distinción os alumnos que teñan superado todas as áreas da etapa e obtiveran sobresaínte ao finalizar a Primaria en unha ou varias áreas, demostrando un rendemento académico excelente.
2. A proposta quedará consignada no boletín de cualificacións, na acta de avaliación final, no expediente e no historial académico.

Matrícula de honra en ESO

(Segundo Resolución de 9 de xuño de 2017 pola que se ditan instrucións para a aplicación do R.D. 562/2017 de 2 de xuño)

A distinción decidírase na avaliación final ordinaria de 4º ESO, segundo as normas seguintes:

1. Optarán a esta distinción os alumnos de 4º ESO que na avaliación ordinaria de xuño teñan unha nota media da etapa igual ou maior que 9.
2. En caso de que o número de alumnos que opten sexa superior ao 5% do total de matriculados en 4º curso, distingúirase aos que teñan as maiores notas medias de etapa e cuxo número non supere a cota fixada.
3. En caso de empate, a matrícula de honra outorgárase ao que teña unha maior nota media no curso de 4º ESO, redondeada a dúas cifras decimais.
4. A distinción quedará consignada no boletín de cualificacións, na acta de avaliación final, no expediente e no historial académico.